

Reunido o xurado do **XVIII Concurso de Fotografía Matemática da XIX Feira Matemática 2026**, constituído por:

Presidenta: Dona Sandra Sambade Nieto, profesora de Matemáticas. IES Miraflores, Oleiros.

Don César Docanto Vázquez, profesor de Matemáticas. IES David Buján, Cambre.

Don Javier Díaz Martos, fotógrafo de *Boquerón á Feira*.

Secretaria: Dona Ana Sogo López, profesora de Plástica xubilada.

Decidiu outorgar os seguintes premios:

Categoría: Educación Primaria e 1º e 2º curso da ESO

“Ondiñas veñen e van”

Autor: **Luca Endres Calvo**, alumno de 1º de ESO do **CPI As Mirandas** (Ares)

Categoría: 3º e 4º curso da ESO e Bacharelato

“As gradas numeradas”

Autora: **Khadija Boussouf Benmalik**, alumna de 4º de ESO do **CPI As Mirandas** (Ares)

Categoría: Adultos

“La paradoja del tablero de ajedrez”

Autor: D. **Javier Casado Casado** (León).

Categoría: Obra máis votada na web

“Silencio binario” (1452 votos)

Autora: **Lía Pérez Cruz**, alumna de 2º curso de ESO do **IES Mugardos** (Mugardos)


En A Coruña, a 14 de marzo de 2026



Dona Sandra Sambade Nieto

Dona Ana Sogo López





“Ondiñas veñen e van” (Luca Endres Calvo)




Os círculos concéntricos comparten o mesmo centro pero teñen radios diferentes. Fórmanse cando lanzamos unha gota á auga debido a que se crea unha perturbación na superficie que se estende ata fora dende o punto de impacto, xerando ondas.


Nas matemáticas, utilízanse para achar áreas, por exemplo, a área entre dous círculos ou “coroa circular” e tamén para crear patróns simétricos na arte e na enxeñaría.

Outro exemplo é o arco da vella. A simple vista só se ve un arco porque o horizonte tapa a metade inferior, pero en realidade é unha circunferencia completa. Isto é un fenómeno óptico.






“As gradas numeradas” (Khadija Boussouf Benmalik)



A imaxe mostra moitas filas e columnas de asentos de cor verde colocados de forma ordenada, mostrando un patrón repetitivo. A súa organización forma unha especie de cuadrícula ou mosaico con simetría e paralelismo.

Ao observar a foto podemos ver que as liñas de asentos parecen xuntarse ao fondo, que é un exemplo de perspectiva e punto de fuga. Os números dos asentos seguen unha secuencia ordenada e toda a composición reflicte a regularidade e a repetición.





“La paradoja del tablero de ajedrez” (Javier Casado Casado)




Cuenta la leyenda que un sabio llamado Sissa inventó un juego para un rey que estaba aburrido (el ajedrez). Tanto le gustó el juego al rey, que, sabiendo de su increíble fortuna, ofreció al sabio la recompensa que el quisiera.


El sabio le solicitó la recompensa en arroz, tenía que poner un grano de arroz en la primera casilla del tablero de ajedrez, dos en la segunda, cuatro en la tercera y así sucesivamente hasta completar las 64 casillas. Cual sería la sorpresa del rey al descubrir que resultaba una cantidad de arroz tan gigantesca que era imposible cumplir lo prometido.

En la foto, hago un homenaje a esta leyenda, cambiando los granos de arroz por barquitos de papel. ¿Habría suficientes barcos de papel en el mundo?





“Silencio binario” (Lía Pérez Cruz)



De costas ao mundo, fronte unha chuva infinita de uns e ceros.

